

Boletín nº2 Deporte de Orientación
XXIV LIGA GALEGA
XIV TROFEO UNIVERSIDADE de VIGO

Sábado, 6 de xuño de 2015

Seguridade:

O plano do Campus Universitario, denominado Universidade-Parque do Coñecemento está dividido por unha estrada de circunvalación.

Para efectuar os tránsitos de corredores habilitouse un paso (túnel que pasa por debaixo da citada estrada).

O paso dunha zona a outra do plano farase a través do túnel marcado no plano como paso **OBRIGADO**.

Sobre o terreo estará sinalado nas entradas e saídas con cinta de balizar.

QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO O CRUCE OU TRÁNSITO POLA ESTRADA QUE CIRCUNVALA O CAMPUS.

Xurado Técnico:

Pablo Adrián Aller (Peña trevinca)

José Luis Armada (Club Uni. De Vigo)

José Miguel López (Club Artabros)

Xuíz Controlador:

Alberto Santos

Información Técnica:

Están detectadas zonas do plano nas que hai un leve cambio na vexetación, debido ás condicións climatolóxicas.

Calculamos que se viron alteradas un grao máis.
Se ben non é preocupante, recomendamos a utilización de polainas.

Non se colocará avituallamento aínda que estarán sinaladas fontes de auga potable. Nesta zona hai mesas de pedra e asadores que non están sinalados no mapa.

En diversas zonas do mapa hai unha gran densidade de controis, por iso é preciso comprobar, máis que nunca, o código da baliza.

Técnico SportIdent:

Marcos Herrero.

Trazados:

Magnífico, Manu Fariña.

Distancias:

PERCORRIDO	CATEGORÍAS	BALIZAS	DISTANCIA	DESNIVEL
PR 0	INI-C	8	2060	65
PR 1	M/H-12	9	2180	105
PR 2	M/H-14 INF-M/H	12	2620	125
PR 3	INI-L	12	3630	155
PR 4	M/H-16 M/H-18 CAD-M/H	15	4290	160
PR 5	M/H-21-C	16	4260	210
PR 6	M-21	17	4690	250
PR 7	M/H-55 M-45	20	4840	230
PR 8	M-35,H-45	23	5550	240
PR 9	M-21-L,H-21	20	5920	300
PR 10	M-E,H-21-L	24	6250	320
PR 11	H-35	24	6450	310
PR 12	ELITE	25	6800	430

Restaurante R&C, Como en Casa:

Quen desexe poderá comer no restaurante R&C da área comercial. O menú que ofrecen é o seguinte:

1º pratos:

Paella
San jacobó
Ensaladas
Lasañas
Pionono

2º pratos:

Xamón asado
Zancos de polo
Carne guisada
Filete de tenreira
Chuleta de porco
Milanesa de tenreira
Hamburguesa

Prato único: 5.50 eur. (bebida+postre o café)

Menú: 7 eur. (bebida+postre+café)

Pastas: Boloñesa, carbonara y pomodoro

Bocadillos: Simples o completos.